

Instituto de Estudos Miñoranos

O Instituto de Estudos Miñoranos foi constituído formalmente, en Gondomar, o 27 de outubro de 1999, coa pretensión de traballar para coñecer e contribuír a conservar o patrimonio histórico da comarca do Val Miñor.

O IEM fíxase como obxectivos:

- Divulgar a cultura e, en xeral, todo o referente ao patrimonio natural, histórico, artístico, arquitectónico, etnográfico, lingüístico... dos tres concellos do Val Miñor.
- Promover a realización de estudos de todo tipo sobre os ámbitos sinalados.
- Impulsar calquera actividade encamiñada á divulgación destes aspectos.
- Fomentar a conservación e respecto polo patrimonio miñorán como un ben económico e cultural actual.

"Non pretendemos ser un Instituto Oficial, senón unha expresión independente emanada da sociedade miñorá. Queremos estar ao servizo do conxunto da comarca, sen exclusións; propiciando, dende posicións de independencia, o consenso das diversas forzas sociais, culturais, económicas e políticas co único obxectivo do estudo, divulgación e protección do patrimonio. Posicionámonos -dende unha perspectiva decididamente humanista e universalista- na defensa da promoción da nosa identidade, o noso idioma e a nosa cultura, entendendo a realidade miñorá como integrada no ámbito xeral da sociedade galega..."

O IEM é unha institución aberta que non depende de ningún organismo público (aínda que a relación cos mesmos sexa imprescindible para poder levar a cabo os nosos proxectos). É especialmente importante a relación cos tres concellos da comarca (de aí que se contemple nos nosos Estatutos, a presenza dos respectivos alcaldes -ou delegados dos mesmos- na Xunta de Goberno).

Ademais o IEM debe buscar medios para financiar os seus proxectos -algúns deles moi custosos- na Deputación, Consellería de Cultura...

A nosa institución está conformada por socios, dirixida por unha Xunta de Goberno e organizada por seccións que facilitan o desenvolvemento do noso traballo (Xeografía e Historia, Arqueoloxía e Etnografía, Toponimia, Filoloxía e Literatura, Arte, Arquitectura e Urbanismo, Economía, Ciencias Físico-Naturais e Estudo do Medio, Arquivo Fotográfico e Fonográfico, Arquivo de Documentación, Biblioteca de Estudos Miñoranos e Muller).



O IEM ten como actividades fundamentais:

- A realización dun congreso bianual -o Congreso de Estudos Miñoranos- que versará sobre os obxectivos do IEM -determinándose en cada momento o tipo de actividades a realizar.
- A publicación dunha Revista de Estudos Miñoranos de carácter divulgativo-científico que responda aos criterios de actividade do IEM, que tamén recolle traballos de creación literaria e doutras ramas artísticas.
- A creación dunha Biblioteca especializada sobre o Val Miñor.
- A recompilación de Arquivos de Imaxe, Son e Documental.
- A realización de cursos específicos que se poidan determinar.
- A publicación ou reedición de estudos parciais ou xenéricos sobre o Val Miñor.
- A organización de exposicións e doutras actividades sobre a realidade miñorá.
- O impulso de iniciativas encamiñadas a dotar ao Val Miñor de actividades museográficas.
- A colaboración con todo tipo de entidades de carácter cultural, centros de ensino ou outras asociacións afincadas no Val Miñor.

Durante estes dez anos, foron moitas as persoas que pasaron polas súas diferentes Xuntas de Goberno (elixidas cada catro anos e compostas por un director/a, un vicedirector/a, un secretario/a, un administrador/a e catro vocais): Nano Cambeiro, Carlos Méixome; Xoán González; Rosa Pascual; M^a Victoria Vaz; Manuel Caldas; Antonio Lago; Manuel Lado; Laudelino Pellitero; Rafael Lores; Miguel Anxo Mouriño; Marta Dacosta; Alfonso Soliño; Fernando Lahuerta; María Xosé González; Xilberte Manso; Ánxeles Bouzó; Xulián Maure; Xosé Lois Vilar, Alberte Valverde, Xosé Lois Mosquera; Milagres Chapela; X. Ramón García; Pedro Telmo; Ana Rodríguez; Antón Mascato; Gonzalo Navaza; Concha Costas, Xosé Antón Araúxo, Eduardo Méndez, Bruno Centelles, Pilar Barreiro... (e moitas tamén as persoas responsables das diferentes seccións e os veciños e veciñas -asociados ou non- que colaboraron coas nosas propostas).

A inauguración en Gondomar da Aula de Cultura "Ponte das Rosas" -cedida polo Concello-, abriu unha nova etapa no IEM, xa que posibilita a posta en práctica dun gran abano de posibilidades que a falta dun espazo propio non permitía.

Despois destes anos de intenso traballo, consideramos que os obxectivos fundacionais foron acadados e a actividade desenvolvida polo Instituto de Estudos Miñoranos, nesta década, deixou xa a súa pegada sobre a sociedade miñorá e, mesmo, sobre a galega.

É o momento de congratularnos por este décimo aniversario.

Con esta Memoria pretendemos dar a coñecer as actividades desenvolvidas polo IEM dende a súa fundación, lembrar un traballo que deu o froito desexado e animar a sociedade miñorá a achegarse a este proxecto cultural para que, cando menos, perdure outros dez anos máis...

